



2015

## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

---

### **Acta da sesión extraordinaria do pleno nº 10/15**

**Data 16-09-2015**

***Acta anterior 13-08-2015***



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

## Asistentes:

### Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

### Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral  
D. José David Pintor Pazo  
Dª. María del Carmen Torreiro Cotos  
D. Jesús Gómez García  
D. José Emilio Mahía Neira  
Dª Manuela García Freire  
D. José Antonio Cotos Seoane  
-Dª. Marta García Sánchez

### Non asisten

### Secretario

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

## **Acta pleno 10/2015 Acta da sesión extraordinaria celebrada polo pleno deste concello o día dezaseis de setembro de dous mil quince.**

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as trece horas e catro minutos do día dezaseis de setembro de dous mil quince, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, reúñese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Non hai cidadáns presentes en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente indica que esta sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamiento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do dia, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

### **1.- Aprobación de actas anteriores (00h 00')**

A continuación trátase o punto de aprobación das actas anteriores, estando tres pendentes de aprobar.

O alcalde comenta sobre as actas que quedaran pendentes de aprobar na anterior sesión, que parece que fora un problema de spam (as actas remítense algúns concelleiros, a petición propia, por correo electrónico), Manuela García Freire ratifica que foi así. A seguir o alcalde propón a aprobación, no seu caso, das actas pendentes (dende a 7/15).

A portavoz do BNG Manuela García Freire interrompe ao alcalde para indicar que as actas non lles chegaron aos outros concelleiros do seu grupo.

A 1'57" o alcalde fala telefonicamente coa oficina, dende onde lle din que si se remitiron.

O alcalde di que han de mandarse certificada a partir de agora, pois xa se mandaron hai tempo. A portavoz do BNG di que non é necesario que vaian certificadas.

Tras un breve debate pásase ao estudio do seguinte punto.

### **2.- Aprobación no seu caso da Conta xeral de 2014. (05' 51")**

O alcalde comenta que é obligatorio presentar a conta xeral para a súa aprobación nuns



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

determinados prazos e aprobalá e presentala ao Consello de contas antes do 15-10-2015.

Continúa indicando que a Conta xeral está informada favorabelmente pola Comisión de contas o 14 de agosto e foi exposta ao público sen que se presentaran alegacións.

Finalmente indica que o rigor que se exixe á Conta xeral nos concellos pequenos é o mesmo que o dos grandes.

Sendo as 7'27" toma a palabra José Antonio Cotos Seoane, como portavoz do BNG, quen comenta que da conta se deduce que hai un forte déficit (54.000 euros), agravado pola existencia de facturas sen pagar (conta 413), e que o déficit xa era negativo no 2013. Os datos negativos son cada vez maiores.

Considera que habería que facer un control do gasto máis importante. Que na Comisión de contas dixéchedes que o gasto de persoal era moi elevado. Non só o gasto de persoal, se hai que facer menos cousas haberá que facer menos cousas.

Sendo as 9'00" toma a palabra de novo o alcalde indicando que o das facturas sen pagar ocorre sempre, son normalmente facturas presentadas a finais de exercicio. En canto ao déficit é un problema que vén arrastrándose dende o 2005. En canto ao gasto de persoal é certo que é alto. Son gastos necesarios, se algúns considerades que non se debería de facer gustaríanos que nolo dixerades, pero o problema máis importante é que temos que facer fronte a gastos anticipados de subvencións, temos que adiantar pagos. Neste sentido comenta que a intervención desaconsellou non facer o obradoiro por ese motivo, pero consideramos politicamente que era unha actuación necesaria.

Sendo as 11'57" toma a palabra Manuela García Freire quen indica que a situación virá mal dende o 2005 pero o certo é que cada vez vai a peor. Que vostedes son os que teñen que xestionar, senón se pode gastar tanto pois haberá que gastar menos.

O concelleiro do BNG José A. Cotos Seoane incide no mesmo argumento anotando que, na súa opinión, quen o paga ao final son os veciños, cos PEF, con subas de impostos, etc., e que se hai cousas que non se poden facer pois non se fan, como pode ser o caso do obradoiro.

Sendo as 13'42" toma a palabra de novo o alcalde indicando que, respecto ao obradoiro, o concello non terá que facer fronte a 198.000,00 euros, senón a 5.000,000, o problema é que terá que adiantar cartos. En canto á suba das taxas non quedou máis remedio que facelas e que non foi só Vilasantar, todos os concellos da contorna tiveron que facelo, fosen do partido que fosen. En canto ao Plan económico financeiro, terémolo que facer.

Sendo as 16'40" toma a palabra Manuela García Freire quen indica que en Vilasantar pagase polo IBI dunha casa o mesmo que en Sada e que agora mesmo está a haber unha revisión catastral que vai supor en realidade unha nova suba, o que lle gustaría é que se se sobren os impostos que sexa para ter máis servizos. A continuación menciona que o PEF vai supor nova suba de impostos, iniciándose un breve debate co alcalde.

O alcalde di sobre o PEF que no anterior desenvolvemento do mesmo non se contabilizaron



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

actuacións, como o novo contrato da recollida do lixo que agora si se van contar pero nunca dixen que se subirían os impostos para poder pagar as luz e as nóminas, de feito os servizos e as actividades deste concello estanse mantendo ou mesmo subindo. Menciona que temos o problema da diminución de subvencións que antes cubrían o 100%, como o ADL ou a animadora cultural e agora só unha pequena porcentaxe.

Manuela García Freire indica que a crise témola todos e, precisamente por iso, non é o momento de subir os impostos aos veciños.

O alcalde contesta que só teñen pensado subir a auga, que repercutirá nos veciños, a cambio subiremos o consumo mínimo de litros, contestando Manuela García que de todos xeitos hai que pagar o canon, por cada litro que se consuma. José A. Cotos Seoane comenta que a auga aquí está barata para os que consumen menos de 9.000 litros, pero os que son más de familia e temos que consumir máis a auga sáenos cara, por iso a maioría da xente pásase aos pozos particulares para non sobrepasar o mínimo.

Finalmente, sendo as 25'24" sométese a votación e por seis votos a favor (PP) e tres abstencións (BNG), de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local acórdase:

**Primeiro.** Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2014.

**Segundo.** Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Consello de Contas e máis do Tribunal de Contas.

### **3.- Aprobación, no seu caso, dunha operación de tesourería (26'00")**

A continuación dáse conta do expediente tramitado para concertar unha operación de tesourería para fazer fronte a pagos que non se poden demorar, con efectos a contar dende o día da sinatura do mesmo.

Toma a palabra o alcalde quen informa que esta operación por importe de 109.950,00 euros está informada favorablemente pola Comisión de contas e que resulta necesaria para poder adiantar pagos de subvencións recibidas, unha vez que se ingresen será devolta. En canto á cantidade é de 109.950 euros para non sobrepasar o 30% dos ingresos ordinarios liquidados no exercicio anterior, e que a operación realizase con Abanca por ter realizado unha boa oferta grazas ao convenio que teñen coa deputación provincial.

Sendo as 28'39" José A. Cotos Seoane (BNG) comenta que as luminarias de Présaras, as Fernandinas, aínda non se cambiaron, explicando o alcalde que é un problema de relación entre as empresas involucradas e que se van cambiar as 62 luminarias. Que esa subvención xa está ingresada pola Xunta de Galiza, que a obra que figura no informe de secretaría refírese a outra obra que, probabelmente, non se vai realizar, explicando as razóns.

Sendo as 30'54" Manuela García Freire, portavoz do BNG pregunta como é que se pide un préstamo para pagar esa obra, se non se vai realizar, contestando o alcalde que si se vai pagar a outra que é de



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

114.000,00 euros, contestando Manuela García Freire que iso tíñase que ter tido aclarado na Comisión de contas. O secretario informa que na data en que fixo o informe esa obras estaba entre as que se pensaban facer, protestando a portavoz do BNG por considerar que a OT non se corresponde coa obra que se vai realizar polo que a información é errónea.

O alcalde explica a razón de porque renunciou á realización desa obra, por considerar que Vilasantar saía prexudicado respecto a Curtis. En calquera caso a decisión de non realizala aínda non é definitiva, aínda estamos en prazo de facela.

Manuela García Freire protesta por non ter recibido a información e considera que en realidade a OT vai ser para pagar as nóminas do obradoiro (36'06"), contestando o alcalde que é para pagar as subvencións que hai que anticipar. Continúa Manuela García Freire preguntando se con esta operación se esgotan as posibilidades de crédito a corto prazo do concello, contestando o secretario, a petición do alcalde, que así é.

Intervén José A. Cotos Seoane, sendo os 38'05" para insistir en que disto non se falara na Comisión de contas, contestando o alcalde que cando a comisión de contas non estaba decidido deixar esa subvención.

Aclarado este punto sométese a votación, sendo os (40'02"), adoptándose por seis votos a favor (PP) e tres abstencións (BNG), o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Adxudicar a concertación da operación de tesourería para facer fronte a pagos que non se poden demorar sendo as condicións da operación as seguintes:

Importe.....	109.950 euros
Tipo de interese fixo.....	Euribor 3 meses + 2,25 puntos
Prazo.....	1 ano
Liquidación de intereses.....	Trimestral
Comisións apertura.....	0%
Amortización ou cancelación.....	0%
Apertura, estudo, non dispoñibilidade.....	0%

**SEGUNDO.** Notificar o presente acordo ao adxudicatario.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levantou a sesión sendo as trece horas e corenta e cinco minutos (duración de 40' 49"), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.  
O alcalde.  
  
Asdo. Fernando Pérez Fernández

O secretario.  
  
Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.